# JOSÉ SUÁREZ

# DÍA DAS ARTES GALEGAS

## 1 de ABRIL DE 2026







CEIP María Pita. A Coruña
CEIP Cidade Vella. A Coruña
CEIP Ramón de la Sagra. A Coruña
CEIP Juan Fernández Latorre. A Coruña
CEIP Ramón Otero Pedrayo. A Laracha (A Coruña)
CEIP Emilia Pardo Bazán. A Coruña
CEIP de Prácticas. A Coruña
CEIP Fogar. Carballo. (A Coruña)
CEIP Juana de Vega. Nós-Oleiros (A Coruña)
CEIP Vicente Otero Valcárcel. Carral (A Coruña)
CEIP Plur. Sofía Casanova. Culleredo (A Coruña)
CPR San Pío X. Ourense

XUNTA DE GALICIA

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

# O DÍA DAS ARTES GALEGAS

O Día das Artes Galegas foi instituído pola Real Academia Galega de Belas Artes no ano 2015 co obxectivo de homenaxear unha persoa trascendental na historia da arte galega e sempre que pasaran dez anos do seu pasamento.
A data escollida para a celebración foi o 1 de abril, que coincide coa que aparece esculpida nos linteis do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago de Compostela, obra do Mestre Mateo.
Durante estes anos as persoas homenaxeadas foron as seguintes:
**2015**: Mestre Mateo
**2016**: Alfonso D. Rodríguez Castelao
**2017**: Maruxa Mallo
**2018**: Alejandro de la Sota
**2019**: Luís Seoane
**2020** e **2021**: Domingo de Andrade
**2022**: Laxeiro
**2023**: Martín Códax
**2024**: Francisco Asorey
**2025**: Isaac Díaz Pardo
Este ano 2026 o artista homenaxeado é José Suárez Fernández, fotógrafo e colaborador de varios xornais e revistas: *Vida Gallega, Life, La Prensa, El Día*...

A Real Academia Galega de Belas Artes é a precursora do Día das Artes Galegas e a que escolle á persoa homenaxeada.



Escultura do Mestre Mateo, o Santo dos Croques, primeiro homenaxeado no Día das Artes Galegas, no ano 2015.

# QUE SABES DO DÍA DAS ARTES GALEGAS?

1. Quen instituíu o Día das Artes Galegas? Completa.

_ _ _ L   _ _ _ _ _ _ I _

_ A _ _ _ _   _ E   _ _ L _ _   _ R _ _ _

2. Dende que ano se celebra o Día das Artes? Arrodea.




3. Sigue o código e completa o nome destes homenaxeados.

| | |
|---|---|
| ■ | A |
| ▲ | E |
| ⬟ | I |
| ● | O |
| ○ | U |

M _(■) R _(○) X _(■)   M _(■) L L _(●)

S _(▲) _(●) _(■) N _(▲)

L _(■) X _(▲) _(⬟) R _(●)

C _(■) S T _(▲) L _(■) _(●)

_(■) S _(●) R _(▲) Y

# AS PALABRAS CRUZADAS

Serás quen de colocar o nome do artista homenaxeado no Día das Artes Galegas no lugar que lle corresponde?

**SOTA CÓDAX SUÁREZ MATEO PARDO ASOREY**
**MALLO SEOANE ANDRADE LAXEIRO CASTELAO**



# O ENCRUCILLADO DAS ARTES

| | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 1 | J | | | | | |
| | | 2 | | | | O | | | | | |
| | | | | 3 | | S | | | | | |
| | | 4 | | | | E | | | | | |
| | | | 5 | | | S | | | | | |
| | | | | 6 | | U | | | | | |
| | | | | 7 | | A | | | | | |
| | | | 8 | | | R | | | | | |
| 9 | | | | | | E | | | | | |
| | | | 10 | | | Z | | | | | |



HORIZONTAIS

1. Nome do homenaxeado neste ano 2026.
2. Prefesión de José Suárez, o homenaxeado no 2026.
3. Escultor homenaxeado en 2024.
4. Pintor homenaxeado despois de Domingo de Andrade.
5. Apelido dun político e escritor de nome Alfonso.
6. Apelido do fotógrafo homenaxeado este ano.
7. Autor do Pórtico da Gloria. Mestre...
8. Nome da única muller homenaxeada no Día das Artes.
9. Como é coñecido o Mestre Mateo? O Santo dos...
10. Anos que teñen que pasar dende o falecemento da persoa homenaxeada?

**SOLUCIÓNS: 1.** JOSÉ **2.** FOTÓGRAFO **3.** ASOREY **4.** LAXEIRO **5.** CASTELAO **6.** SUÁREZ **7.** MATEO **8.** MARUXA **9.** CROQUES **10.** DEZ

# DE QUEN É CADA OBRA?

Repara no código do recadro, completa e saberás quen é o autor de cada obra.

| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A | O | N | M | R | I | X | E | T | C | S | F | L | U |



**COUSAS DA VIDA**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| 10 | 1 | 11 | 9 | 8 | 13 | 1 | 2 |

**HOMENAXE 1996. Augaforte**

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| 13 | 1 | 7 | 8 | 6 | 5 | 2 |





**ALMOTRÓN-GEONAUTA**

| | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | | | | |
| 4 | 1 | 5 | 14 | 7 | 1 | 4 | 1 | 13 | 13 | 2 |

# O CARTEL DO DÍA DAS ARTES

Agora toca facer un cartel anunciando o Día das Artes Galegas 2026. Pon o nome do teu colexio e colorea.
Lembra que este ano está dedicado ao fotógrafo José Suarez!

DÍA DAS ARTES GALEGAS

1 DE ABRIL DE 2026

COLEXIO ______________________________

# JOSÉ SUÁREZ FERNÁNDEZ

José Suárez Fernández naceu na vila ourensá de Allariz, o 17 de decembro de 1902.

Despois de estudar o bacharelato en Ourense, onde comeza a facer as primeiras fotografías, pasa a estudar, aos dezanove anos, a carreira de Dereito en Salamanca ao tempo que colabora coa revista *Vida Gallega*. Ao remate dos estudos universitarios entra a traballar como avogado na Asesoría Xurídica do Concello de Salamanca.



José Suárez

No ano 1932 publicou o libro *50 fotos de Salamanca*, con prólogo de Miguel de Unamuno.

A finais de 1936, por mor da Guerra Civil, exiliouse na Arxentina e Uruguai traballando como fotoxornalista nos diarios *La Prensa* e *El Día*.

É autor de reportaxes fotográficas sobre actividades profesionais tradicionais galegas: oleiros, telleiros, segadores, mariñeiros romeiros...

Faleceu na Guarda, Pontevedra, en xaneiro de 1974 e, oito anos despois, publicouse o seu libro *Galicia: terra, mar e xentes*, cun total de cento sesenta e unha fotografías.

Este ano 2026 a Real Academia Galega de Belas Artes escolleuno como protagonista do Día das Artes Galegas.




No ano 1993, o Centro de Estudos Fotográficos, de Vigo, editou un álbum con máis dun centenar de fotografías realizadas por José Suárez.

# QUE SABES DE JOSÉ SUÁREZ?

1. Cal é o nome do homenaxeado no Día das Artes 2026?

______________________________

2.- En que localidade ourensá naceu? Arrodea.

**Bande** **Allariz** **Celanova** **Ribadavia**

3. En que ano? Arrodea

**1954** **1902** **1936** **2026** **1991**

4. En que cidade galega fixo o bacharelato?

______________________________

5. Que carreira fixo na Universidade de Salamanca?

______________________________

6. En que revista colaborou cando estudaba Dereito?

______________________________

7. Que libro publicou José Suárez no ano 1932? Completa.

_ **o** _ _ **t** _ _

**d** _ _ _ _ _ **m** _ _ **c** _



8. En que dous xornais sudamericanos traballou? Arrodea.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **La Nación** | **Clarín** | **La Prensa** | **Diario Libre** |
| **El País** | **El Universal** | **El Día** | **El Mercurio** |

# O ENCRUCILLADO




## HORIZONTAIS

1. Segundo apelido de José Suárez.
2. Nome da persoa homenaxeada no Día das Artes 2026.
3. Estudos que fixo José Suárez en Salamanca.
4. Cidade na que estudou o bacharelato.
5. En que localidade pontevedresa faleceu en 1974?
6. En que vila ourensá naceu no ano 1902?
7. Traballou na Asesoría Xurídica do concello de...
8. Técnica e arte de gravar imaxes fixas e duradeiras sobre unha superficie de material sensible á luz.
9. Que profesión exerceu José no Concello de Salamanca?

HORIZONTAIS. 1. FERNÁNDEZ 2. JOSÉ 3. DEREITO 4. OURENSE 5. A GUARDA 6. ALLARIZ 7. SALAMANCA 8. FOTOGRAFÍA 9. AVOGADO

# O QUEBRACABEZAS DE JOSÉ SUÁREZ

Recorta e monta este quebracabezas coa foto de José Suárez co seu can Mambrino.



# INVENTAMOS UN TÍTULO?

Inventa un título para cada unha destas fotos de José Suárez.










## O CARTEL DAS ARTES GALEGAS

Colorea o cartel do Día das Artes Galegas e fai unha caricatura do homenaxeado, José Suárez.

# JOSÉ SUÁREZ



# DÍA DAS ARTES GALEGAS

## 1 DE ABRIL DE 2026

# PINTAMOS UNHA FOTO?

As fotografías de José Suárez eran en branco e negro. Dámoslle cor a unha das súas fotos? Ponlle título e explica que é o que se ve nela.



# O LABIRINTO DE JOSÉ SUÁREZ

Que camiño ten que percorrer José Suárez para coller a súa cámara de fotos?



# O CARNÉ DE PRENSA

Saberías completar cos datos do cadro este carné de prensa de José Fernández?

**PRENSA**

**DOCUMENTO DE IDENTIDADE PERIODÍSTICA**

**NOME E APELIDOS**

______________________________

**ANO DE NACEMENTO**

______________________________

**LUGAR DE NACEMENTO**

______________________________

**ACTIVIDADE**

______________________________

**SINATURA**

**APG**

**ASOCIACIÓN PRENSA GALEGA**

**ALLARIZ (OURENSE)**

**FOTOGRAFÍA**

**1902**

**JOSÉ SUÁREZ FERNÁNDEZ**





# A MIÑA CÁMARA DE FOTOS

Facemos unha manualidade de cámara de fotos como a que usaba José Suárez? Só precisamos colorear a cámara, recortala e montar o cilindro para pegar no obxectivo, e xa está!




